



CONVENIO TIPO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E OS CONCELLOS DOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA CON MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA PARTICIPAR NAS ACTUACIÓN S A DESENVOLVER POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PROXECTO GEOPADRON AO AMPARO DA ORDE TER/1235/2023, DO 15 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓ NS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓ N DIXITAL E MODERNIZACIÓ N DOS SISTEMAS DE XESTIÓ N DO PADRÓN MUNICIPAL DAS ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓ N, TRANSFORMACIÓ N E RESILIENCIA.

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓ N ENTRE A DEPUTACIÓ N PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO

[APROBADO POR RESOLUCIÓ N DE PRESIDENCIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2024]

En Lugo, a 10 de decembro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, Dna. Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa do Concello de Lugo, con N.I.F. P2702800J e sede social en Praza Maior, 1 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Ante D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- *O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo conforme o artigo 16.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*

A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos Concellos, de acordo co que estableza a lexislación do Estado e a súa xestión debe levarse a cabo con medios informáticos.

Non obstante, as Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, Cabildos e Consellos insulares asumirán a xestión informatizada dos Padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada, en virtude do artigo 17.1 LRBRL.

Por outra parte, o artigo 36.1 b) da LRBRL establece que *Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente... A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. E a estes efectos o artigo 36.2.d) dispón que a Deputación ou entidade equivalente Da soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles llas encomenden.*

SEGUNDO.- Pola Orde Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, aprobáronse as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (publicada no BOE do 18 de novembro de 2023).



TERCEIRO.- A Deputación Provincial de Lugo, por resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política territorial, ten a condición de entidade beneficiaria.¹

Polo tanto a Deputación Provincial de Lugo é a responsable da xestión e execución dos proxectos presentados onde os destinatarios finais das actuacións a realizar pola Deputación Provincial de Lugo (tal e como se desprende do artigo 3.1.a) da Orde TER/1235/2023) son os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión o Padrón Municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

CUARTO.- A Deputación de Lugo aprobou, en sesión ordinaria da **Xunta de Goberno de 15 de marzo de 2024**, o proxecto GeoPadrón para desenvolver as actuacións necesarias para poñer en marcha un novo sistema de xestión de información sobre o territorio municipal de todos os concellos da provincia de Lugo. En resolución de data 17 de Xullo de 2024 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve conceder as axudas previstas da Orde TER/1235/2023 para a realización deste proxecto.

QUINTO.- A Deputación Provincial de Lugo porá, a disposición dos destinatarios finais das axudas, as actuacións subvencionables desenvolvidas.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto a posta a disposición do concello de Lugo, das actuacións subvencionables a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo no marco da Orde TER/1235/2023, do 15 de novembro, dentro do proxecto GeoPadrón que se encadran na actuación *A Posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal* (artigo 5 da citada Orde).

Para a execución da primeira das actuacións subvencionables contemplada no art. 5.1.a), da referida Orde, de cara á formación dunha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identifique cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral en territorio fiscal común, ou no código equivalente nos territorios forais, do ben inmueble no que estea situado o fogar, que inclúa ferramentas que permitan a actualización da información obrante en dita base de datos, o INE xerou unha serie de ficheiros deducidos da súa base padroal e dos traballos levados a cabo con motivo do censo de vivendas de 2021, que serán postos a disposición das entidades beneficiarias das subvencións previstas na Orde TER/1235/2023, de 15 de novembro. O contido e a descrición destes ficheiros figura na Guía Técnica do INE á que se refire o artigo 5.2, primeiro parágrafo, de dita Orde.

O obxectivo deste programa é completar, revisar e actualizar a información padroal que o INE ten de cada concello incorporando información sobre o territorio, creando os conceptos de fogar e vivenda. Para iso implantarase un sistema de información territorial e unha base de datos de vivendas e fogares de cada municipio, vinculado ao sistema de xestión padroal municipal que permite completar e corrixir a información padroal do INE e do concello.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

¹ <https://www.boe.es/boe/dias/2023/06/09/pdfs/BOE-A-2023-13746.pdf>



SEGUNDA.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

TERCEIRA.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Por a disposición do concello de Lugo as actuacións subvencionables a desenvolver no marco da Orde TER/1235/2023 ás que se refire a cláusula primeira do presente convenio.

O centro xestor da Deputación Provincial de Lugo (Servizo Servizo de Comunicación e TICs, coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá), será o encargado de determinar o alcance das actuacións a executar en cada concello en base á información remitida polo INE. De acordo co exposto, a entidade provincial poderá reformular as actuacións a desenvolver en cada concello co obxecto de adaptalas ao importe total da axuda á Deputación Provincial de Lugo e así procurar a correcta execución das cantidades que figuran na mencionada resolución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Dar publicidade das actuacións obxecto deste convenio nos termos do artigo 4.2 da Orde TER/1235/2023.

3.2. O Concello de Lugo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo, comprométese ao seguinte:

1. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
2. Dar publicidade das actuacións obxecto deste convenio nos termos do artigo 4.2 da Orde TER/1235/2023.
3. Permitir o acceso á información actualizada do concello en relación co seu padrón de habitantes, así como calquera outra que sexa precisa para a realización do proxecto.
4. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
5. Asumir o mantemento das actuacións subvencionables a desenvolver no marco da Orde TER/1235/2023 e postas a súa disposición.
6. Designar a unha persoa de contacto ao obxecto de facilitar a información necesaria para a execución do obxecto do convenio.

CUARTA.- Réxime económico e titularidade do resultado da cooperación.

Os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins serán financiados con cargo ás subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (publicada no BOE do 18 de novembro de 2023) das que a Deputación Provincial é entidade beneficiaria.

O resultado da cooperación será do concello de Lugo.

QUINTA.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, respectando en todo caso, o límite temporal do artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público.



SEXTA.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

SÉTIMA .- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

OITAVA.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a)Velar polo cumprimento deste convenio.
- a)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- b)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- c)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- d)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

NOVENA.- -Protección de datos

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade



de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

A información recollida nos ficheiros do INE aos que se refire a cláusula PRIMEIRA do presente convenio, contén datos persoais procedentes da base padroal do INE, formada para a coordinación de todos os Padróns municipais, polo que se atopan suxeitos á normativa de protección de datos: REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así, en virtude do artigo 6.1 e) do RGPD o tratamento de datos persoais será lícito cando sexa necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou en exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, debendo estar establecida a base para o tratamento nunha norma con rango de lei, segundo o previsto no artigo 8.2 da Lei Orgánica 3/2018.

Segundo o establecido no artigo 5.1 b) do RGPD a información que se facilite provinte do Padrón só poderá utilizarse para os fins para os que é cedida, neste caso, a formación dun directorio (base de datos) de vivendas para cada municipio destinatario deste proxecto.

Todo o persoal da entidade beneficiaria ou terceiros que teñan acceso á información facilitada en virtude dos procedementos de licitación correspondentes ou outros instrumentos de colaboración interadministrativa legalmente establecidos, conforma ao previsto no art. 8 da Orde TER/1235/2023, quedan obrigados pola normativa de protección de datos, comprometéndose á non conservación da información facilitada total ou parcialmente en ningún soporte, unha vez rematados os traballos.

DÉCIMA.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: *“ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”*. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE

Jose Tomé Roca



A ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO

Paula Alvarellos Fondo

O SECRETARIO XERAL

José Antonio Mourelle Cillero

